


**1. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes frases e corrixe as falsas.**

- a. Denominamos biosfera única e exclusivamente ao conxunto de seres inertes que habitan na Terra.
- b. Un ecosistema é un sistema artificial formado por un conxunto de organismos da mesma especie (ou biotopo), o medio no que viven coas súas características fisicoquímicas (ou biocenose) e as interaccións que se establecen entre eles
- c. A ciencia que se encarga do estudo dos residuos chámase ecoloxía.
- d. Denomínanse factores limitantes aqueles que están en concentración tan elevada que impiden o desenvolvemento de certos individuos.
- e. Un nivel trófico está constituído polo conxunto de organismos do ecosistema que teñen diferente tipo de alimentación.
- f. Un dos principais ciclos bioquímicos é o do carbón.
- g. Os ecosistemas tenden a constituírse e a alcanzar de forma natural un estado de caos.
- h. Un ecosistema está en equilibrio se mantén unha comunidade variable de seres vivos adaptados aos factores ambientais reinantes.
- i. Os ecosistemas están sometidos a continuas alteracións causadas única e exclusivamente por causas naturais.
- j. O ser humano forma parte do ecosistema terrestre da mesma forma que o resto de especies que forman a biosfera.
- k. O impacto do ser humano é o mesmo en todo o planeta.

**ECOLOXÍA E MEDIO AMBIENTE. XESTIÓN SOSTIBLE DO PLANETA  
EXERCICIOS**

- l. A desertización é o fenómeno de creación de solo proucida polo ser humano.
- m. O desenvolvemento sostible é aquel que utiliza os recursos dos que dispoñemos neste momento.
- n. Mellorar a eficiencia enerxética non é unha das políticas dirixidas a conseguir un desenvolvemento sostible.

**2. Enche os ocos baleiros**



### 3. Completa

- a. Un ciclo bioquímico é a \_\_\_\_\_ dun elemento químico a través da \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ e a \_\_\_\_\_, que permite que se dispoña dese elemento unha e outra vez.
- b. Dous foron os factores desequilibrantes dos ecosistemas, desde o punto de vista do ser humano:
- i. \_\_\_\_\_
  - ii. \_\_\_\_\_
- c. O mundo desenvolvido conta co \_\_\_\_\_ da poboación, pero consome un \_\_\_\_\_ dos recursos, mentres que nos países en vías de desenvolvemento atópase o \_\_\_\_\_ da poboación pero dispoñen do \_\_\_\_\_ dos recursos.
- d. As principais actividades que o ser humano desenvolve para satisfacer as súas necesidades son e que teñen \_\_\_\_\_ son: a industria, a minaría, a agricultura, a \_\_\_\_\_, a pesca, as actividades urbanas ( \_\_\_\_\_ ) e as obras públicas.
- e. A eliminación de residuos ten como obxectivo evitar problemas \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

4. Enumera todos os exemplos que coñezas dos seguintes conceptos:
  - a. Causas naturais da alteración dos ecosistemas:
  - b. Intervencións humanas que poden alterar os ecosistemas:
  - c. Impactos ambientais negativos das actividades humanas sobre a atmosfera:
  - d. Impactos ambientais negativos das actividades humanas sobre a hidrosfera:
  - e. Impactos ambientais negativos das actividades humanas sobre o solo:
  - f. Causas de perda de biodiversidade:
  - g. Tipos de residuos producidos polo ser humano:
  - h. Fases na xestión dos residuos:
  - i. Técnicas empregadas no tratamento dos residuos:
  - j. Regra dos tres erres:
  - k. Fontes de enerxía renovables: